**Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

***Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: http://sede.carral.es / Correo electrónico: correo@carral.es***

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº4/2018, ORDINARIA, REALIZADA O 31 DE MAIO DE 2018.**

**ASISTENTES**

**Presidente**
Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis (PP)

**Concelleiros/as**
**Grupo municipal do PP**
DUARTE GERPE, Florinda
RAMILO VARELA, Margarita
BARBEITO REY, Carlos
MONTES MARTÍNEZ, José Manuel
REGUEIRA MOAR, Rubén
GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso [Incorpórase ás 13:01 no punto de rogos e preguntas]

**Grupo municipal do PsdeG-PSOE**
COUTO LÓPEZ, Pablo
CETINA MOCHALES, Jesús Javier
BLANCO FIDALGO, Patricia
RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria

**Grupo municipal mixto**
BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

**Interventora do Concello**
Noemí González Mato

**Secretario do Concello**
Diego García Doval

**NON ASISTE**
ORGEIRA CAMPELO, José Francisco (PSdeG-PSOE)

**HORA DE INICIO:** 12:30
**HORA DE REMATE:** 13:06

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:30 horas do 31 de maio de 2018, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 28 de maio de 2018, segundo o acordo plenario do 9 de xullo de 2015 polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnense na sesión 4/2018, de carácter ordinari, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

***Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: http://sede.carral.es / Correo electrónico: correo@carral.es***

## ORDE DO DÍA

**Parte resolutiva da sesión**

**1.** Aprobación das actas das dúas sesións anteriores (3/2018, extraordinaria, e 3bis/2018, extraordinaria e urxente, ambas as dúas do 08 de maio de 2018)
**2.** Ratificación de decretos de correccións efectuadas a requirimento da Deputación en proxectos de obras, incluídas na solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2018, da Deputación Provincial da Coruña.
**3.** Corrección de erro material no expediente do orzamento xeral do Concello para 2018, aprobado definitivamente en sesión plenaria de 8 de maio de 2018.

**Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación**

**4.**-Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.

**5.**-Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

**6.**-Rogos e preguntas.

## PARTE RESOLUTIVA DA SESIÓN

### 1.-APROBACIÓN DAS ACTAS DAS DÚAS SESIÓNS ANTERIORES (3/2018, EXTRAORDINARIA, E 3BIS/2018, EXTRAORDINARIA E URXENTE, AMBAS AS DÚAS DO 08 DE MAIO DE 2018).

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación ás actas das sesións nº 3/2018, extraordinaria, e 3bis/2018, extraordinaria e urxente, ambas aas dúas do 08 de maio de 2018.

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación as actas, e estas son aprobadas, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron ás sesións referidas entre os presentes nesta .

### 2.-RATIFICACIÓN DE DECRETOS DE CORRECCIÓNS EFECTUADAS A REQUIRIMENTO DA DEPUTACIÓN EN PROXECTOS DE OBRAS, INCLUÍDAS NA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CARRAL NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2018, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

**EXPOSICIÓN**

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 21 de maio de 2018, como segue:

"***PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO***

***Asunto: Ratificación de decretos de correcións efectuadas a requirimento da Deputación en proxectos de obras, incluidas na solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", da Deputación Provincial da Coruña.***

*O Pleno do Concello de Carral, na súa sesión extraordinaria realizada o 19 de decembro de 2017 aprobou, entre outras cuestións, os proxectos das obras decididas para a súa inclusión na solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", da Deputación Provincial da Coruña.*

*Logo de presentarse a correspondente solicitude á Deputación Provincial da Coruña o mesmo 19 de decembro de 2017, o Concello de Carral recibiu varios requirimentos do ente provincial sobre a documentación presentada telematicamente ao abeiro do POS+2018 en relación aos respectivos expedientes, polos que solicitaban a correción de varias deficiencias en cadanseus proxectos.*

*Para poder aprobar as correcións requiridas no tempo outorgado pola Deputación en cada caso, ditáronse os decretos da Alcaldía que se transcreben a continuación:*

*1).-**Decreto da Alcaldía 80/2018, do 01 de marzo de 2018.***

***"DECRETO DA ALCALDÍA***

*ASUNTO: CORRECIÓNS NO PROXECTO DA OBRA "PROXECTO DE ESPAZO PÚBLICO EN CARRAL.INTRODUCIÓN DE PARADAS DE BUS EN TORNO Á N-550", INCLUIDO NA SOLICITUDE DO POS+2018, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.*
*EXPEDIENTE: 2018/G003/000082*

*O Pleno do Concello de Carral, na súa sesión extraordinaria realizada o 19 de decembro de 2017 aprobou, entre outras cuestións, o proxecto da obra "Proxecto de espazo público en Carral. Introdución de paradas de bus en torno á N-550", subscrito, con data do 01 de decembro de 2017 polo arquitecto D. Valerio González Somoza (colexiado 4.520 ), para a súa inclusión na solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", da Deputación Provincial da Coruña, con cargo á achega provincial 2017.*

*Logo de presentarse a correspondente solicitude á Deputación Provincial da Coruña o mesmo 19 de decembro de 2017, con data do 15 de febreiro de 2018 (n.º de entrada 324) o Concello de Carral recibiu un requirimento do ente provincial sobre a documentación presentada telematicamente ao abeiro do POS+2018 en relación ao expediente 201700019835 (POS+OBRASSUM/2018) "Espazo público en Carral. Introdución de paradas de bus en torno á N-550", polo que solicitaban a correción dun erro material relativo ao importe en letra que consta na páxina 59 do proxecto, así coma a aclaración da denominación da obra "xa que non pode ser xenérica".*

*Logo de ver o proxecto da obra redenominado "Proyecto de reforma del contorno del Monumento a los Mártires de Carral", contido en dous arquivos dixitais (memoria e planos) subscrito de forma dixital, con data do 20 de febreiro de 2018 polo arquitecto D. Valerio González Somoza (colexiado 4.520 ).*

*Logo de ver que, con data do 28 de febreiro de 2018, o arquitecto D. Félix Quijano yáñez emitiu para o Concello o informe que se transcribe literalmente a continuación:*

CONCELLO DE CARRAL SECRETARÍA A CORUÑA

*"INFORME TÉCNICO*

***ASUNTO:***

*Solicitude de comprobación das correccións realizadas por TEC ARQUITECTOS tras o requirimento da Deputación de A Coruña, ao PROXECTO DE ESPAZO PÚBLICO EN CARRAL INTRODUCCIÓN DE PARADAS DE BUS NO ENTORNO DA N550, interesada pola secretaría do Concello.*

***INFÓRMASE:***

***I. Consideracións técnicas.***

***a) Correccións realizadas no proxecto.***

*- Se cambiou a denominación do proxecto, que agora pasa a ser "PROXECTO DE REFORMA DA CONTORNA DO MONUMENTO AOS MÁRTIRES DE CARRAL." Se cambiaron todas as cartelas de todos os planos e da memoria*

*- No orzamento para coñecemento da administración e no resumo do orzamento, se corrixiu o importe en letra e xa figura "... oito céntimos".*

*Polo tanto se corrixiron todas as deficiencias sinaladas no requirimento da Deputación de A Coruña.*

*É todo canto teño a ben informar.*

*En Carral, 28 de febreiro de 2018*

*o arquitecto do Concello*

*Félix Quijano Yáñez "*

*Logo de ver os anexos V e VI da solicitude, emitidos coa nova denominación do proxecto.*

*Tendo en conta que, segundo o indicado no requirimento da Deputación, as correcións que se realizan no proxecto se refiren a "correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica", polo que se poden aprobar por decreto desta Alcaldía, sen prexuízo da súa posterior elevación ao Pleno do Concello "sen necesidade de remitilo a esta Deputación".*

*En uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,*

***R E S O L V O***

***1.-*** *Aprobar as correcións efectuadas a requirimento da Deputación Provincial da Coruña en relación ao "Proxecto de espazo público en Carral. Introdución de paradas de bus en torno á N-550", subscrito, con data do 01 de decembro de 2017 polo arquitecto D. Valerio González Somoza (colexiado 4.520 ), e incluido na solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", da Deputación Provincial da Coruña, con cargo á achega provincial 2017. O proxecto pasa a denominarse "Proyecto de reforma del contorno del Monumento a los Mártires de Carral", segundo os documentos subscritos de forma dixital, con data do 20 de*



CONCELLO DE CARRAL SECRETARÍA A CORUÑA

*febreiro de 2018 polo arquitecto D. Valerio González Somoza (colexiado 4.520 ), que se aproban mediante esta resolución aos efectos da devandita solicitude.*

***2.-** Remitir o proxecto corrixido, así coma un xustificante desta resolución e dos anexos V e VI redenominados á Deputación provincial da Coruña polo medio indicado no seu requirimento.*

***3.-** Elevar este decreto ao Pleno do Concello, sen necesidade de remitir á Deputación o acordo que este adopte .".*

*2).**-Decreto da Alcaldía 81/2018, do 01 de marzo de 2018.***

***"DECRETO DA ALCALDÍA***

***ASUNTO:** CORRECIÓNS NO PROXECTO DA OBRA "PROXECTO TÉCNICO DE ADECUACIÓN E REFORMA DO PAVILLÓN DEPORTIVO MUNICIPAL O ESPIÑO EN CARRAL ", INCLUIDO NA SOLICITUDE DO POS+2018 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.*

***EXPEDIENTE:** 2018/G003/000083*

*O Pleno do Concello de Carral, na súa sesión extraordinaria realizada o 19 de decembro de 2017 aprobou, entre outras cuestións, o proxecto da obra "Proxecto técnico de adecuación e reforma do pavillón deportivo municipal "O Espiño" en Carral ", subscrito, con data de decembro de 2017 por Álvaro Romero Arquitectos, S.L.P ( Sociedade profesional colexiada 20.084 do COAG), para a súa inclusión na solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", da Deputación Provincial da Coruña, con cargo ao plan complementario 2018.*

*Logo de presentarse a correspondente solicitude á Deputación Provincial da Coruña o mesmo 19 de decembro de 2017, con data do 15 de febreiro de 2018 (n.º de entrada 323) o Concello de Carral recibiu un requirimento do ente provincial sobre a documentación presentada telematicamente ao abeiro do POS+2018 en relación ao expediente 201700019855 (POS+COMPLEMENTARIO/2018) "Adecuación e reforma do pavillón polideportivo municipal "O Espiño"", polo que solicitaban a corrección de varias deficiencias no proxecto.*

*Logo de ver o proxecto da obra subscrito de xeito dixital o 21 de febreiro de 201 por Álvaro Pedro Romero, de Álvaro Romero Arquitectos, S.L.P ( Sociedade profesional colexiada 20.084 do COAG)*

*Logo de ver que, con data do 28 de febreiro de 2018, o arquitecto D. Félix Quijano yáñez emitiu para o Concello o informe que se transcribe literalmente a continuación:*

***"INFORME TÉCNICO***

***ASUNTO:***

*Solicitude de comprobación das correccións realizadas por ALVARO ROMERO ARQUITECTOS S.L.P. tras o requirimento da Deputación de A Coruña, no PROXECTO DE ADECUACIÓN E REFORMA DO PAVILLÓN DEPORTIVO MUNICIPAL "O ESPIÑO" EN CARRAL, interesada pola secretaría do Concello.*

***INFÓRMASE:***

***I. Consideracións técnicas.***

***a) Correccións realizadas no proxecto.***

- *Se corrixiu o apartado 1.3 Antecedentes figurando un orzamento de 54.182,20 que coincide co orzamento xeral.*
- *No punto 2.2 dos anexos á memoria se indica o prazo de execución das obras.*
- *No punto 2.1 dos anexos á memoria se fai a declaración de obra completa.*
- *No punto 2.3 dos anexos á memoria se indica que non é necesaria a clasificación do contratista.*
- *No punto 2.4 dos anexos á memoria se indica que non é necesaria a revisión de prezos*
- *Eliminouse o prego de cláusulas administrativas e o prego de prescricións técnicas adaptouse á obra.*
- *No punto 2.6 dos anexos á memoria se xustifica a innecesariedade de estudo xeotécnico.*
- *No cadro de prezos descompostos se incluíu un porcentaxe de custos indirectos igual en todas as unidades de obra.*
- *Na páxina 95 se incluíu un cadro de prezos unitarios no que listan os prezos unitarios de man de obra, maquinaria e materiais.*
- *Se corrixiu o orzamento e xa figura a partida "reparación de fendas en pavimento de formigón" tal e como se indica no apartado 1.6 da memoria.*
- *Se corrixiu o plano de planta do pavillón para adaptalo á realidade e se acoutou a lonxitude real de 44 metros para que coincida co sinalado na medición da unidade de obra 01.02 pavimento vinílico.*
- *Se corrixiu o orzamento e a valoración de Xestión de residuos aparece como capítulo independente. Capítulo 3 do orzamento.*

*Polo tanto se corrixiron todas as deficiencias sinaladas no requirimento da Deputación de A Coruña.*

*É todo canto teño a ben informar.*

*En Carral, 28 de febreiro de 2018*

*o arquitecto do Concello*

*Félix Quijano Yáñez "*

*Tendo en conta que, segundo o indicado no requirimento da Deputación, as correcións que se realizan no proxecto se refiren a "correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica", polo que se poden aprobar por decreto desta Alcaldía, sen prexuízo da súa posterior elevación ao Pleno do Concello "sen necesidade de remitilo a esta Deputación".*

*En uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,*

**Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

**Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: http://sede.carral.es / Correo electrónico: correo@carral.es**

**RESOLVO**

**1.-** Aprobar as correcións efectuadas a requirimento da Deputación Provincial da Coruña en relación ao "Proxecto técnico de adecuación e reforma do pavillón deportivo municipal "O Espiño" en Carral ", subscrito, con data de decembro de 2017 por Álvaro Romero Arquitectos, S.L.P ( Sociedade profesional colexiada 20.084 do COAG), e incluido na solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", da Deputación Provincial da Coruña, con cargo ao plan complementario 2018, aprobando mediante esta resolución aos efectos da devandita solicitude a súa nova versión (subscrita de xeito dixital o 21 de febreiro de 201 por Álvaro Pedro Romero, de Álvaro Romero Arquitectos, S.L.P ( Sociedade profesional colexiada 20.084 do COAG)) .

**2.-** Remitir o proxecto corrixido, así coma un xustificante desta resolución á Deputación Provincial da Coruña polo medio indicado no seu requirimento.

**3.-** Elevar este decreto ao Pleno do Concello, sen necesidade de remitir á Deputación o acordo que este adopte .".

3).**-Decreto da Alcaldía 107/2018, do 15 de marzo de 2018.**

**"DECRETO DA ALCALDÍA**

ASUNTO: SEGUNDAS CORRECIÓNS NO PROXECTO DA OBRA "PROXECTO DE ESPAZO PÚBLICO EN CARRAL. INTRODUCIÓN DE PARADAS DE BUS EN TORNO Á N-550" (AGORA REFORMA DA CONTORNA DO MONUMENTO AOS MÁRTIRES DE CARRAL) POS+2018, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
EXPEDIENTE: 2018/G003/000108

O Pleno do Concello de Carral, na súa sesión extraordinaria realizada o 19 de decembro de 2017 aprobou, entre outras cuestións, o proxecto da obra "Proxecto de espazo público en Carral. Introdución de paradas de bus en torno á N-550", subscrito, con data do 01 de decembro de 2017 polo arquitecto D. Valerio González Somoza (colexiado 4.520 ), para a súa inclusión na solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", da Deputación Provincial da Coruña, con cargo á achega provincial 2017.

Logo de presentarse a correspondente solicitude á Deputación Provincial da Coruña o mesmo 19 de decembro de 2017, con data do 15 de febreiro de 2018 (n.º de entrada 324) o Concello de Carral recibiu un requirimento do ente provincial sobre a documentación presentada telematicamente ao abeiro do POS+2018 en relación ao expediente 201700019835 (POS+OBRASSUM/2018) "Espazo público en Carral. Introdución de paradas de bus en torno á N-550", polo que solicitaban a corrección dun erro material relativo ao importe en letra que consta na páxina 59 do proxecto, así coma a aclaración da denominación da obra "xa que non pode ser xenérica".

Logo de ver o proxecto da obra redenominado "Proyecto de reforma del contorno del Monumento a los Mártires de Carral", contido en dous arquivos dixitais (memoria e planos) subscrito de forma dixital con data do 20 de febreiro de 2018 polo arquitecto D. Valerio González Somoza (colexiado 4.520 ).

*Logo de ver que, con data do 28 de febreiro de 2018, o arquitecto D. Félix Quijano yáñez emitiu para o Concello o informe no que se concluía: " (...) Polo tanto se corrixiron todas as deficiencias sinaladas no requirimento da Deputación de A Coruña.(...) " Logo de ver os anexos V e VI da solicitude, emitidos coa nova denominación do proxecto.*

*Mediante o decreto 80/2018, do 01 de marzo de 2018, esta Alcaldía resolveu aprobar as correcións efectuadas a requirimento da Deputación Provincial da Coruña , de xeito que o proxecto pasa a denominarse "Proyecto de reforma del contorno del Monumento a los Mártires de Carral", segundo os documentos subscritos de forma dixital, con data do 20 de febreiro de 2018 polo arquitecto D. Valerio González Somoza (colexiado 4.520 ), que se aprobaron mediante tal resolución aos efectos da devandita solicitude, e remitir o proxecto corrixido, así coma un xustificante desta resolución e dos anexos V e VI redenominados á Deputación Provincial da Coruña polo medio indicado no seu requirimento.*

*Con data do 12 de marzo de 2018 o Concello de Carral recibiu un novo requirimento do ente provincial sobre a documentación presentada telematicamente ao abeiro do POS+2018 en relación ao expediente 201700019835 (POS+OBRASSUM/2018) "Reforma da contorna do Monumento aos Mártires de Carral", polo que solicitaban a presentación de "(...) un único proxecto que comprnda todos os documentos que esixe a normativa reguladora da contratación pública (...)", a correción dun erro material relativo ao importe en letra que consta na páxina 65 do proxecto emendado, así coma a correción no anexo VI relativa a que o informe debe ser emitido sobre un único proxecto técnico e aá necesidade de clarexar se son necesarias as autorizacións sectoriais indicadas no anexo V.*

*Logo de ver o proxecto da obra redenominado "Proyecto de reforma del contorno del Monumento a los Mártires de Carral", contido nun só arquivo pdf, subscrito de forma dixital, con data do 12 de marzo de 2018 polo arquitecto D. Valerio González Somoza (colexiado 4.520 ).*

*Logo de ver que, con data do 13 de marzo de 2018, o arquitecto D. Félix Quijano yáñez emitiu para o Concello o informe que se transcribe literalmente a continuación:*

***"INFORME TÉCNICO***

***ASUNTO:***

*Solicitude de comprobación das correccións realizadas por TEC ARQUITECTOS tras o segundo requirimento da Deputación de A Coruña, ao PROXECTO DE REFORMA DA CONTORNA DO MONUMENTO AOS MARTIRES DE CARRAL, interesada pola secretaría do Concello.* ***INFÓRMASE:***

***I. Consideracións técnicas.***

***a) Correccións realizadas no proxecto.***

*- Se presenta un único proxecto asinado dixitalmente por Valerio González Somoza.*

*- Se corrixiu o importe en letra que figuraba na páxina 65 e xa figura "... oito céntimos".*

*Polo tanto se corrixiron todas as deficiencias do proxecto sinaladas no requirimento da Deputación de A Coruña.*

*É todo canto teño a ben informar.*

*En Carral, 13 de marzo de 2018*

*o arquitecto do Concello*

*Félix Quijano Yáñez*

*Logo de ver os anexos VI da solicitude, emitidos coa nova denominación do proxecto, e coas correcións indicadas no segundo requirimento da Deputación.*

*Tendo en conta que, segundo o indicado no requirimento da Deputación, as correcións que se realizan no proxecto se refiren a "correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica", polo que se poden aprobar por decreto desta Alcaldía, sen prexuízo da súa posterior elevación ao Pleno do Concello "sen necesidade de remitilo a esta Deputación".*

*En uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,*

***R E S O L V O***

***1.-*** *Aprobar as correcións efectuadas a requirimento da Deputación Provincial da Coruña en relación ao "Proxecto de espazo público en Carral. Introdución de paradas de bus en torno á N-550", subscrito, con data do 01 de decembro de 2017 polo arquitecto D. Valerio González Somoza (colexiado 4.520 ), e incluido na solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", da Deputación Provincial da Coruña, con cargo á achega provincial 2017. O proxecto pasa a denominarse "Proyecto de reforma del contorno del Monumento a los Mártires de Carral", segundo documento subscrito de forma dixital, con data do 12 de marzo de 2018 polo arquitecto D. Valerio González Somoza (colexiado 4.520 ), que se aproba mediante esta resolución aos efectos da devandita solicitude.*

***2.-*** *Remitir o proxecto corrixido, así coma un xustificante desta resolución e do anexo VI (coas correcións requiridas) á Deputación Provincial da Coruña polo medio indicado no seu requirimento.*

***3.-*** *Elevar este decreto ao Pleno do Concello, sen necesidade de remitir á Deputación o acordo que este adopte .".*

*4).**-Decreto da Alcaldía 109/2018, do 23 de marzo de 2018.***

*"**DECRETO DA ALCALDÍA***

***ASUNTO:*** *SEGUNDAS CORRECIÓNS NO PROXECTO DA OBRA "PROXECTO TÉCNICO DE ADECUACIÓN E REFORMA DO PAVILLÓN DEPORTIVO MUNICIPAL O ESPIÑO EN CARRAL", POS+2018 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA*

***EXPEDIENTE:*** *2018/G003/000110*

*O Pleno do Concello de Carral, na súa sesión extraordinaria realizada o 19 de decembro de 2017 aprobou, entre outras cuestións, o proxecto da obra "Proxecto técnico de adecuación e reforma do pavillón deportivo municipal "O Espiño" en Carral ", subscrito, con data de decembro de 2017 por Álvaro Romero Arquitectos, S.L.P ( Sociedade profesional colexiada 20.084 do COAG), para a súa inclusión na solicitude de participación*



CONCELLO DE CARRAL SECRETARÍA A CORUÑA

*do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", da Deputación Provincial da Coruña, con cargo ao plan complementario 2018.*

*Logo de presentarse a correspondente solicitude á Deputación Provincial da Coruña o mesmo 19 de decembro de 2017, con data do 15 de febreiro de 2018 (n.º de entrada 323) o Concello de Carral recibiu un requirimento do ente provincial sobre a documentación presentada telematicamente ao abeiro do POS+2018 en relación ao expediente 201700019855 (POS+COMPLEMENTARIO/2018) "Adecuación e reforma do pavillón polideportivo municipal "O Espiño"", polo que solicitaban a correción de varias deficiencias no proxecto.*

*Logo de ver o proxecto da obra subscrito de xeito dixital o 21 de febreiro de 201 por Álvaro Pedro Romero, de Álvaro Romero Arquitectos, S.L.P ( Sociedade profesional colexiada 20.084 do COAG)*

*Logo de ver que, con data do 28 de febreiro de 2018, o arquitecto D. Félix Quijano Yáñez emitiu para o Concello o informe no que se concluía: " (...) Polo tanto se corrixiron todas as deficiencias sinaladas no requirimento da Deputación de A Coruña.(...) ".*

*Mediante o decreto 81/2018, do 01 de marzo de 2018, esta Alcaldía resolveu aprobar as correcións efectuadas a requirimento da Deputación Provincial da Coruña , aprobando mediante tal resolución aos efectos da devandita solicitude a súa nova versión (subscrita de xeito dixital o 21 de febreiro de 2018 por Álvaro Pedro Romero, de Álvaro Romero Arquitectos, S.L.P ( Sociedade profesional colexiada 20.084 do COAG)), e remitir o proxecto corrixido, así coma un xustificante da referida resolución á Deputación Provincial da Coruña polo medio indicado no seu requirimento.*

*Con data do 12 de marzo de 2018 o Concello de Carral recibiu un novo requirimento do ente provincial sobre a documentación presentada telematicamente ao abeiro do POS+2018 en relación ao expediente 201700019855 (POS+COMPLEMENTARIO/2018) "Adecuación e reforma do pavillón deportivo municipal "O Espiño"", polo que indicaban deficiencias en relación á xustificación de prezos no proxecto, como segue: "(...) Todas as partidas que non teñan a consideración de partidas alzadas (partidas que non poderán superar o 5% do orzamento de execución material) deberán definirse de acordo co artigo 130 do RD 1098/2011 tendo en conta os custes directos e indirectos precisos para a súa execución. As partidas 01.02 e 02.01 figuran "sen descomposición" (...).".*

*Logo de ver a nova versión do proxecto da obra "Proxecto técnico de adecuación e reforma do pavillón deportivo municipal "O Espiño" en Carral ", subscrita de xeito dixital, con data do 21 de marzo de 2018, por Álvaro Pedro Romero - 36.030.519-F -, en representación de Álvaro Romero Arquitectos, S.L.P (Sociedade profesional colexiada 20.084 do COAG, B15914591).*

*Logo de ver que, con data do 22 de marzo de 2018, o arquitecto D. Félix Quijano yáñez emitiu para o Concello o informe que se transcribe literalmente a continuación:*

CONCELLO DE CARRAL SECRETARÍA A CORUÑA

*"INFORME TÉCNICO*

***ASUNTO:***

*Solicitude de comprobación das correccións realizadas por ALVARO ROMERO ARQUITECTOS S.L.P. tras o segundo requirimento da Deputación de A Coruña, no PROXECTO DE ADECUACIÓN E REFORMA DO PAVILLÓN DEPORTIVO MUNICIPAL "O ESPIÑO" EN CARRAL, interesada pola secretaría do Concello.*

***INFÓRMASE:***

***I. Consideracións técnicas.***

***a) Correccións realizadas no proxecto.***

*Se corrixiron as partidas 1.01 e 2.01 e xa figuran no cadro de prezos descompostos (paxinas 91 e 92 do proxecto) tendo en conta os custos directos e indirectos.*

*Polo tanto se corrixiron todas as deficiencias sinaladas no requirimento da Deputación de A Coruña.*

*É todo canto teño a ben informar.*

*En Carral, 22 de marzo de 2018*

*o arquitecto do Concello*

*Félix Quijano Yáñez "*

*Tendo en conta que, segundo o indicado no requirimento da Deputación, as correcións que se realizan no proxecto se refiren a "correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica", polo que se poden aprobar por decreto desta Alcaldía, sen prexuízo da súa posterior elevación ao Pleno do Concello "sen necesidade de remitilo a esta Deputación".*

*En uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,*

***RESOLVO***

***1.-*** *Aprobar as correcións efectuadas a requirimento da Deputación Provincial da Coruña en relación ao "Proxecto técnico de adecuación e reforma do pavillón deportivo municipal "O Espiño" en Carral ", subscrito, con data de decembro de 2017 por Álvaro Romero Arquitectos, S.L.P ( Sociedade profesional colexiada 20.084 do COAG), para a súa inclusión na solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", da Deputación Provincial da Coruña, con cargo ao plan complementario 2018. Con tal fin, apróbase mediante esta resolución aos efectos da devandita solicitude a nova versión do proxecto da obra "Proxecto técnico de adecuación e reforma do pavillón deportivo municipal "O Espiño" en Carral" subscrita*

*de xeito dixital, con data do 21 de marzo de 2018, por Álvaro Pedro Romero - 36.030.519-F -, en representación de Álvaro Romero Arquitectos, S.L.P (Sociedade profesional colexiada 20.084 do COAG, B15914591).*

***2.-** Remitir o proxecto corrixido, así coma un xustificante desta resolución á Deputación Provincial da Coruña polo medio indicado no seu requirimento.*

***3.-** Elevar este decreto ao Pleno do Concello, sen necesidade de remitir á Deputación o acordo que este adopte .".*

*5).-__Decreto da Alcaldía 110/2018, do 26 de marzo de 2018.__*

***"DECRETO DA ALCALDÍA***

***ASUNTO:** CORRECIÓNS NO PROXECTO DA OBRA "AMPLIACIÓN PONTE SOBRE O RÍO BREXA NA ESTRADA MUNICIPAL ENTRE O LUGAR DA CALLE E LUGAR DO PENEDO (CARRAL-A CORUÑA)",POS+2018, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.*

***EXPEDIENTE:** 2018/G003/000115*

*O Pleno do Concello de Carral, na súa sesión extraordinaria realizada o 19 de decembro de 2017 aprobou, entre outras cuestións, o proxecto da obra "Ampliación ponte sobre o río Brexa na estrada municipal entre o lugar da Calle e lugar do Penedo (Carral-A Coruña)", subscrito, con data de decembro de 2017 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Miguel Ángel Astray Fernández (colexiado 29.435 ), para a súa inclusión na solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", da Deputación Provincial da Coruña, con cargo ao plan complementario 2018.*

*Logo de presentarse a correspondente solicitude á Deputación Provincial da Coruña o mesmo 19 de decembro de 2017, con data do 15 de febreiro de 2018 (n.º de entrada 325) o Concello de Carral recibiu un requirimento do ente provincial sobre a documentación presentada telematicamente ao abeiro do POS+2018 en relación ao expediente 201700019850 (POS+COMPLEMENTARIO/2018) "Ampliación ponte sobre o río Brexa na estrada municipal entre o lugar da Calle e lugar do Penedo", polo que solicitaban a correción de deficiencias no proxecto, como segue: "O importe que figura en letra tanto na páxina 6 do proxecto como no presuposto non é correcto, xa que onde di "sesenta y nueve mil novecientos CINCUENTA y cinco...." debe dicir "sesenta y nueve mil novecientos CUARENTA y cinco".*

*Logo de ver que, con data do 15 de febreiro de 2018 (n.º de entrada 328) o Concello de Carral recibiu tamén un requirimento de Augas de Galicia sobre a documentación presentada para obter a súa autorización en relación ao proxecto, como segue: "(...)Logo de examinar a solicitude de referencia que vostede presentou, obsérvase que falta a documentación necesaria para poder continuar a súa tramitación. Esta é a que se sinala a continuación:-Procedemento construtivo para a execución da ponte sobre o río Brexa indicando os*

*medios de protección (balsas de decantación, barreiras de retención de lodos, gabias provisionais, etc.) para acadar a continuidade das augas deste regato e evitar a súa contaminación e turbidez. Deberase indicar as actuacións previstas para a reposición da vexetación e da ribeira do rego. Polo tanto, deberase propor os medios para a realización dos traballos en seco, debéndose tomar, en todo caso, as medidas encamiñadas a evitar calquera contaminación das augas durante as obras. En canto aos desvíos provisionais, a súa duración deberá ser a mínima indispensable para a execución dos traballos e terá capacidade para desaugar canto menos un caudal de avenida T=5anos. (...) ".*

*Logo de ver que, con data do 28 de febreiro de 2018, esta Alcaldía solicitou á Deputación a suspensión do prazo indicado para a remisión do proxecto corrixido nos extremos indicados pola Deputación, ata que se lles puidese remitir o proxecto que tamén introduza as correcións solicitadas por Augas de Galicia, en aras da economía procesual e da eficiencia administrativa.*

*Logo de ver o proxecto da obra subscrito de xeito dixital o 06 de marzo de 2018 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Miguel Ángel Astray Fernández (colexiado 29.435 ).*

*Logo de ver que, con data do 08 de marzo de 2018, o arquitecto D. Félix Quijano Yáñez emitiu para o Concello o informe que se transcribe literalmente a continuación:*

***"INFORME TÉCNICO***

***ASUNTO:***

*Solicitude de comprobación das correccións realizadas por MIGUEL ANGEL ASTRAY FERNANDEZ tras o requirimento da Deputación de A Coruña, e de Augas de Galicia no AMPLIACIÓN PONTE SOBRE O RÍO BREXA NA ESTRADA MUNICIPAL ENTRE O LUGAR DE A CALLE E O LUGAR DE O PENEDO (CARRAL-A CORUÑA), interesada pola secretaría do Concello.*

***INFÓRMASE:***

***I. Consideracións técnicas.***

***a) Correccións realizadas no proxecto.***

- *Se corrixiu o importe que figura en letra na páxina numero 6 do proxecto o no orzamento e xa di "SESENTA Y NUEVE MIL NOVECIENTOS CUARENTA Y CINCO EUROS CON NOVENTA Y UN CÉNTIMOS" .*
- *Se engadiu un novo capítulo no orzamento de "PROTECCIÓN DA CALIDADE DAS AUGAS" no orzamento e se indican na memoria no seu punto 4.5 os medios propostos para a realización dos traballos, evitando calquera contaminación das augas durante as obras.*

*Polo tanto se corrixiron todas as deficiencias sinaladas nos requirimentos da Deputación de A Coruña e de Augas de Galicia.*

*É todo canto teño a ben informar.*

*En Carral, 8 de marzo de 2018*

*o arquitecto do Concello*

*Félix Quijano Yáñez ".*



CONCELLO DE CARRAL SECRETARÍA A CORUÑA

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

*Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: http://sede.carral.es / Correo electrónico: correo@carral.es*

*Logo de ver que, con data do 09 de marzo de 2018, se remitiu a Augas de Galicia unha copia dixital en CD do proxecto coas modificacións solicitadas incorporadas.*

*Tendo en conta que, segundo o indicado no requirimento da Deputación, as correcións que se realizan no proxecto se refiren a "correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica", polo que se poden aprobar por decreto desta Alcaldía, sen prexuízo da súa posterior elevación ao Pleno do Concello "sen necesidade de remitilo a esta Deputación".*

*En uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,*

***R E S O L V O***

***1.-** Aprobar as correcións efectuadas a requirimento da Deputación Provincial da Coruña (xunto coas solicitadas a requirimento de Augas de Galicia) en relación ao proxecto da obra "Ampliación ponte sobre o río Brexa na estrada municipal entre o lugar da Calle e lugar do Penedo (Carral-A Coruña)", subscrito, con data de decembro de 2017 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Miguel Ángel Astray Fernández (colexiado 29.435 ), e incluido na solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", da Deputación Provincial da Coruña, con cargo ao plan complementario 2018, aprobando mediante esta resolución aos efectos da devandita solicitude a súa nova versión (subscrita de xeito dixital o 06 de marzo de 2018 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Miguel Ángel Astray Fernández (colexiado 29.435 )) .*

***2.-** Remitir o proxecto corrixido, así coma un xustificante desta resolución á Deputación Provincial da Coruña polo medio indicado no seu requirimento.*

***3.-** Elevar este decreto ao Pleno do Concello, sen necesidade de remitir á Deputación o acordo que este adopte .".*

*Tendo en conta que, segundo o indicado nos respectivos requirimentos da Deputación, as correcións que se realizaron nos proxectos indicados en cada decreto se refiren a "correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica", polo que se poden aprobar por decreto desta Alcaldía, sen prexuízo da súa posterior elevación ao Pleno do Concello "sen necesidade de remitilo a esta Deputación".*

*Á vista de todo o que antecede, segundo as bases que regulan o POS+ 2018 e, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte o seguinte*

CONCELLO DE CARRAL SECRETARÍA A CORUÑA

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

***Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: http://sede.carral.es / Correo electrónico: correo@carral.es***

***A C O R D O***

*Ratificar os decretos da Alcaldía 80/2018, do 01 de marzo de 2018, 81/2018, do 01 de marzo de 2018, 107/2018, do 15 de marzo de 2018, 109/2018, do 23 de marzo de 2018 e 110/2018, do 26 de marzo de 2018, polos que se aprobaron correcións efectuadas a requirimento da Deputación en proxectos de obras incluídas na solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", da Deputación Provincial da Coruña. "*

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 4/2018, ordinaria, do 28 de maio de 2018, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, e con catro abstencións (dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión e do señor concelleiro do grupo municipal mixto (ACC/SON)).

**DEBATE**

O señor Alcalde explica que na proposta se indican as correcións que se fixeron, requiridas pola Deputación.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) anuncia que o seu grupo se vai abster, pois xa mnifestou o seu desacordo cosproxectos, especialmente co relativo ao entorno do Panteón, que considera que antes tiña un título máis axeitado.Pregunta se o estudo de xiros está listo e engade que se abriu unha nova entrada a un garaxe. Pregúntase como se vai conxugar ao ser máis complexo e coida que se debería cambiar esa porta a 7 metros, como xa dixo.

**VOTACIÓN E ACORDO**

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por seis votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, e con cinco abstencións (dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión, e do señor concelleiro do grupo mixto (ACC-SON)), adoptando os seguintes acordos:

Ratificar os decretos da Alcaldía 80/2018, do 01 de marzo de 2018, 81/2018, do 01 de marzo de 2018, 107/2018, do 15 de marzo de 2018, 109/2018, do 23 de marzo de 2018 e 110/2018, do 26 de marzo de 2018, polos que se aprobaron correcións efectuadas a requirimento da Deputación en proxectos de obras incluidas na solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", da Deputación Provincial da Coruña.

## 3.-CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO EXPEDIENTE DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA 2018, APROBADO DEFINITIVAMENTE EN SESIÓN PLENARIA DE 8 DE MAIO DE 2018.

**EXPOSICIÓN**

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 23 de maio de 2018, como segue:

"***PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO***

***Asunto: Corrección de erro material no expediente de Orzamento Municipal para 2018, aprobado definitivamente en sesión Plenaria de 8 de maio de 2018.***



CONCELLO DE CARRAL SECRETARÍA A CORUÑA

# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

***Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: http://sede.carral.es / Correo electrónico: correo@carral.es***


*Logo de ver que en sesión plenaria de 8 de maio de 2018 procedeuse á aprobación definitiva do Orzamento do Concello de Carral para 2018.*

*Visto o informe- proposta emitido pola Intervención Municipal, de data 23 de maio de 2018, polo que se poñía de manifesto a detección dos seguintes erros materiais subsanables no orzamento municipal para 2018 definitivamente aprobado:*

*APLICACIONES PRESUPUESTARIAS CONTEMPLADAS EN EL PRESUPUESTO DEFINITIVAMENTE APROBADAS*

| APLICACIÓN PRESUPUESTARIA | | DENOMINACIÓN | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| 351 | 22302 | Juventud. Promoción y Fomento de la Juventud: Transportes | 12.000,00 € |
| 351 | 22610 | Juventud. Promoción y Fomento de la Juventud: Actividades y escuelas deportivas. | 9.000,00 € |
| 351 | 22799 | Juventud. Promoción y Fomento de la Juventud: Otros trabajos realizados por empresas y profesionales | 9.000,00 € |
| 352 | 22000 | Juventud. Instalaciones Juveniles: Ordinario no inventariable | 500,00 € |
| 352 | 22002 | Juventud. Instalaciones Juveniles: Material Informático no inventariable. | 2.500,00 € |
| 352 | 22100 | Juventud. Instalaciones Juveniles: Energía Eléctrica | 500,00 € |
| 352 | 22200 | Juventud. Instalaciones Juveniles:: Servicios de telecomunicaciones. | 500,00 € |
| 352 | 22700 | Juventud. Instalaciones Juveniles::Limpieza y aseo | 750,00 € |
| 352 | 22799 | Juventud. Instalaciones Juveniles Otros trabajos realizados por empresas y profesionales | 2.500,00 € |

*APLICACIÓNS QUE DEBERÍAN FIGURAR NO ORZAMENTO DEFINITIVAMENTE APROBADO*

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | | DENOMINACIÓN | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| 3371 | 22302 | Juventud. Promoción y Fomento de la Juventud: Transportes | 12.000,00 € |
| 3371 | 22610 | Juventud. Promoción y Fomento de la Juventud: Actividades y escuelas deportivas. | 9.000,00 € |
| 3371 | 22799 | Juventud. Promoción y Fomento de la Juventud: Otros trabajos realizados por empresas y profesionales | 9.000,00 € |
| 3372 | 22000 | Juventud. Instalaciones Juveniles: Ordinario no inventariable | 500,00 € |
| 3372 | 22002 | Juventud. Instalaciones Juveniles: Material Informático no inventariable. | 2.500,00 € |
| 3372 | 22100 | Juventud. Instalaciones Juveniles: Energía Eléctrica | 500,00 € |
| 3372 | 22200 | Juventud. Instalaciones Juveniles:: Servicios de telecomunicaciones. | 500,00 € |
| 3372 | 22700 | Juventud. Instalaciones Juveniles::Limpieza y aseo | 750,00 € |
| 3372 | 22799 | Juventud. Instalaciones Juveniles Otros trabajos realizados por empresas y profesionales | 2.500,00 € |

CONCELLO DE CARRAL SECRETARÍA A CORUÑA

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: http://sede.carral.es / Correo electrónico: correo@carral.es


*En aplicación do establecido no art. 109.2 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, segundo o cal "2. Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos".*

*PROPOÑO ao Pleno da Corporación Municipal,*

1) *A corrección dos erros materiais indicados no expediente do Presuposto Municipal para 2018, que tená como resultado a corrección das seguintes páxinas do mesmo:*

2) ***Páxina 6 de 352.***

***Onde di:***

*"351 JUVENTUD.- PROMOCIÓN Y FOMENTO JUVENTUD 30.000,00 €*
*352 JUVENTUD.- INSTALACIONES JUVENILES 7.250,00 €"*

***Debe dicir:***

*" 3371 JUVENTUD.- PROMOCIÓN Y FOMENTO JUVENTUD 30.000,00 €*
*3372 JUVENTUD.- INSTALACIONES JUVENILES 7.250,00 €"*

3) ***Páxina 34 de 352***

***Onde di:***

| -----Clasificación------ | | | DENOMINACIÓN DAS APLICACIÓNS | Créditos Iniciais |
|---|---|---|---|---|
| Programas | Económic | Orgánica | | |
| 351 | 22302 | | Viajes Deportivos | 12.000,00 € |
| 351 | 22610 | | Activ. Y esc. Deportivas | 9.000,00 € |
| 351 | 22799 | | Otros trabajos realizados por otras empresas y profesionales | 9.000,00 € |
| | | | Total Programa.... | 30.000,00 € |

***Debe dicir:***

| -----Clasificación------ | | | DENOMINACIÓN DAS APLICACIÓNS | Créditos Iniciais |
|---|---|---|---|---|
| Programas | Económic | Orgánica | | |
| 3371 | 22302 | | Viajes Deportivos | 12.000,00 € |
| 3371 | 22610 | | Activ. Y esc. Deportivas | 9.000,00 € |
| 3371 | 22799 | | Otros trabajos realizados por otras empresas y profesionales | 9.000,00 € |
| | | | Total Programa.... | 30.000,00 € |



CONCELLO DE CARRAL SECRETARÍA A CORUÑA

4) **Páxina 35 de 352**

**Onde di:**

| -----Clasificación------ Programas | Económic | Orgánica | DENOMINACIÓN DAS APLICACIÓNS | Créditos Iniciais |
|---|---|---|---|---|
| 352 | 22000 | | Ordinario no inventariable | 500,00 € |
| 352 | 22002 | | Material Informático no inventariable | 2.500,00 € |
| 352 | 22100 | | Energía Eléctrica | 500,00 € |
| 352 | 22200 | | Servicios de telecomunicaciones | 500,00 € |
| 352 | 22700 | | Limpieza y aseo | 750,00 € |
| 352 | 22799 | | Otros trabajos realizados por otras empresas y profesionales | 2.500,00 € |
| | | | Total Programa.... | 7.250,00 € |

**Debe dicir:**

| -----Clasificación------ Programas | Económic | Orgánica | DENOMINACIÓN DAS APLICACIÓNS | Créditos Iniciais |
|---|---|---|---|---|
| 3372 | 22000 | | Ordinario no inventariable | 500,00 € |
